

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION E INSTALACIÓN DE ALUMEADO EN DIVERDAS RÚAS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILAN 2014.

Sendo as 13:00 horas do día 21 de agosto de 2014, no salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (3º planta do antigo Seminario Menor), constitúese Comisión de Festas actuando como Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Tenente de Alcalde da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, dona Carmen Basadre en substitución do Ilmo. Sr. Alcalde do concello de Lugo, e como vocais Ilma. Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendedores, Autónomos e Educación; don Angel Trabada Gómez polo Grupo municipal do Partido Popular; dona Paz Abraira, polo Grupo municipal do BNG; don Marcial Rodriguez Toajas interventor xeral do Concello; dona María Garcia Ferro en substitución da titular da Asesoría Xurídica, dona Matilde García Losada, Xefa da Sección de Cultura e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de Contratación, patrimonio e fomento.

A presidenta da Mesa pon de manifesto que, ó procedemento de referencia presentáronse as seguintes plicas segundo consta no informe do negociado de rexistro de data 21 de agosto de 2014:

- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L
- CREACIONES LUMINOSAS S.L
- ILUMINACIONES UMIA S.L

Os efectos de calificar a documentación e subsanar no seu caso posibles defectos u omisións, o presidente da Mesa ordena a apertura dos sobres A) que conteñen a documentación administrativa, con seguinte resultado:

1.- **ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L**, presenta unha declaración responsable conforme o artigo 146.4 do TRLCSP, indicando que cumpre toda as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración conforme o modelo do Anexo III do prego de condicións que rexe na presente licitación.

2.- **CREACIONES LUMINOSAS S.L**, presenta unha declaración responsable conforme o artigo 146.4 do TRLCSP, indicando que cumpre toda as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración conforme o modelo do Anexo III do prego de condicións que rexe na presente licitación.

3.- **ILUMINACIONES UMIA S.L** presenta:

- Declaración responsable, segundo o anexo I do prego de condicións.
- Certificado inscrición no Rexistro Xeral de contratistas da Xunta de Galicia .

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Refª: Sobre A)

Asunto:

- Certificado de inscrición no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado.
- Certificado entidade financeira.
- Facturación dos 3 últimos exercicios
- Modelo TC2, período xuño 2014.
- Principais suministros realizados pola empresa, indicando, data, destino e importe.
- Clasificación da empresa como empresa de servizos e de obras.
- Certificados de calidade.
- Certificado rexistro industrial de Galicia.
- Declaración responsable conforme o anexo II do prego de condicións.

Os integrantes da mesa de contratación consideran correcta a documentación administrativa presentada polas empresas e procédese á apertura dos sobres B (criterio avaliabile mediante xuízo de valor). As tres empresas presentan un dossier fotográfico da instalacións ofertadas para a avaliación da orixinalidade e innovación dos elementos así como unha descripción das características técnicas.

Unha vez analizadas por parte dos membros da mesa os dossiers presentados polas tres empresas, por comparación e tendo en conta a iluminación instalada en anos anteriores durante as festas de San Froilán, acordan propoñer a seguinte puntuación:

- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L: 1 Punto.
- ILUMINACIONES UMIA S.L: 1 punto.
- CREACIONES LUMINOSAS S.L: 2 puntos.

No mesmo acto procédese á apertura do sobre C) que contén a oferta económica (suxeita a criterios avaliabiles automaticamente), co seguinte resultado:

1.- ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L, propón como prezo do contrato:

- Prezo sen IVE: 16.000,00 euros
- 21% IVE: 3.360,00 euros
- PREZO TOTAL IVE incluído: **19.360,00 euros**

Asimesmo oferta 41 arcos a maiores do listado mínimo establecido no prego técnico coas características técnicas esixidas no prego de condicións técnicas.

2.- CREACIONES LUMINOSAS S.L, propón como prezo do contrato:

- Prezo sen IVE: 18.390,00 euros
- 21% IVE: 3.861,90 euros
- PREZO TOTAL IVE incluído: **22.251,90 euros**

Asimesmo oferta 21 arcos a maiores do listado mínimo establecido no prego técnico coas características técnicas esixidas no prego de condicións técnicas.

3.- **ILUMINACIONES UMIA S.L.**, propón como prezo do contrato:

- Prezo sen IVE: 15.100,00 euros
- 21% IVE: 3.171,00 euros
- **PREZO TOTAL IVE incluído: 18.271,00 euros**

Asimesmo oferta 25 arcos a maiores do listado mínimo establecido no prego técnico coas características técnicas esixidas no prego de condicións técnicas.

A continuación procédese á apertura da proposta técnica Sobre B) suxeita a criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, á vista do cal, os membros da mesa, elaboran o cadro de puntuación total obtido por cada unha das empresas participantes, tendo en conta as melloras, as características técnicas e a oferta económica:


Empresas	Prezo	Características técnicas	Melloras	TOTAL
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS	5,31	1	2	8,31
CREACIONES LUMINOSAS	3,47	2	1,02	6,49
ILUMINACIONES UMIA	6	1	1,22	8,22

Á vista do cal e tendo en conta as puntuacións finais obtidas, os integrantes da comisión de festas acordan por unanimidade propoñer a adxudicación do contrato á empresa **ILUMINACIONES SANTIAGUESAS S.L.**

Así mesmo acordan requirir á sinalada mercantil para que aporte como trámite previo a efectuar a correspondente adxudicación a documentación á que se fai referencia na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas, e unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE.

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 14:00 horas do día anteriormente sinalado.

A PRESIDENTA,
 Asdo.: Carmen Basadre



O SECRETARIO,
 Asdo.: Manuel Louzao Aldariz

